

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Normativa para a participación de Comparsas o martes de Entroido de Pontedeume 2026

I. Participación

1.1. O obxecto da presente normativa é regular a participación de comparsas no martes de Entroido 2026 que se desenvolve no Concello de Pontedeume.

1.2. Para poder participar é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición (todos os seus apartados) e presentala no Departamento de Cultura, sito na avda. do Peirao, edificio de Xulgados, baixo; no Rexistro do propio Concello ou tamén por correo electrónico no enderezo: culturapontedeume@yahoo.es.

1.3. No momento de formalizar a inscrición presentarase a seguinte documentación:

1.3.1. As entidades con CIF presentarán:

a) Documento no que se indiquen os instrumentos que acompañan o grupo, a súa distribución, así como a das persoas participantes no escenario, e unha breve presentación da comparsa que realice a actuación.

b) Acta na que se reflicte o nome da persoa representante do grupo para este evento.

c) Copia do DNI da persoa representante (que coincidirá coa persoa que fai a solicitude de inscrición).

d) Copia do CIF da asociación ou entidade.

e) Para o pagamento do incentivo de participación:

-Se o pagamento se fai por banco presentarán solicitude de aboamento asinada pola/polo presidenta/e ou representante da entidade ou do grupo, para o seu ingreso na conta bancaria da mencionada entidade, comparsa, grupo, etc. Tamén certificación bancaria que indique que esa conta pertence á dita comparsa, grupo, entidade, etc, participante no evento.

-Se se desexa cobrar o mesmo día do evento, indicarse acta o dito desexo, indicando quen será a persoa a quen se lle pagará. No caso de que non coincida co representante, presentará copia do DNI. Esta acta presentarase no mesmo momento no que se realice a inscrición.

1.3.2. Aqueles grupos que non teñan CIF presentarán:

a) A documentación que se sinala nos apartados a) e b) do punto 1.3 desta normativa.

b) Listaxe de todas as persoas membros participantes co número do DNI das mesmas.

c) Copia do DNI da persoa representante e escrito asinado por todas as persoas membros do grupo conforme a dita persoa asumirá as xestións necesarias neste evento, tanto para a súa participación como para o cobro do incentivo económico da mesma.

d) Para o pagamento da participación:

- Se o pagamento se fai por banco presentarán solicitude de aboamento asinada pola/polo presidenta/e ou persoa representante da entidade ou grupo, así como certificación bancaria co número de conta na que se fará o ingreso. Este documento presentarase no momento no que se realice a inscrición.

- Se se desexa cobrar o mesmo día do evento, documento no que se reflicte o dito desexo, indicando quen será a persoa a quen se lle pagará. No caso de que non coincida coa representante, presentará copia do DNI.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1.3.3. No momento da inscrición todas as comparsas participantes entregarán copia das letras das cancións que teñan no seu repertorio. Tamén entregarán unha breve presentación da comparsa para ser lida, no momento da súa actuación, pola persoa presentadora do evento.

1.4. O prazo para a presentación das solicitudes de participación remata o venres 13 de febreiro de 2026 ás 14.00 horas.

1.5. Entenderase por comparsa un grupo de máscaras de oito ou máis persoas, maiores de 16 anos cumpridos.

No caso de comparsas infantís, a agrupación estará formada como mínimo por oito persoas cunha idade máxima de 15 anos. As comparsas infantís presentarán unha/un representante maior de idade.

O incumprimento desta cláusula implica o non poder optar aos incentivos de participación deste evento.

II. Lugar e data de participación

2.1. A actividade terá lugar o martes de Entroido, día 17 de febreiro de 2026, na praza Real, despois do desenvolvemento do pasarrúas das comparsas.

2.2. As comparsas participarán no pasarrúas que terá lugar o Martes de Entroido, 17 de febreiro de 2026, ás 18.30 h. En caso de choiva o pasarrúas poderá ser anulado pola organización.

2.3. Reuniranse na avenida de Raxoi ás 18.00 h onde se indicará o orde de participación de acordo coas necesidades de produción de cada unha, para un correcto desenvolvemento das diferentes actuacións. A seguir, saíran da Alameda ás 18.30 h ata a praza Real, co seguinte traxecto: Corredoira das Virtudes - rúa San Agustín - avda. Saavedra Meneses - praza de España - rúa Inmaculada - praza do Conde - Lombardero - rúa Betanzos - praza do Conde (cara a arriba) - rúa Cantón - rúa Pescadería - Inmaculada - praza de España - rúa Real; sempre e cando as condicións climatolóxicas o permitan.

2.4. Aquelas comparsas que non se encontren presentes no momento da distribución da orde de participación no evento (punto 2.3), ocuparán o lugar designado pola organización.

III. Participación económica

3.1. Destinaranse **5.300,00 €** polo concepto de incentivo de participación no martes de Entroido do Concello de Pontevedra, que se repartirán de maneira idéntica entre as distintas comparsas que participen no evento e que reúnan as condicións e requisitos esixidos nesta normativa. O resultado deste reparto terá unha contía máxima de 700,00 € para cada unha.

3.2. O aboamento desta participación farase como se indica no punto 1.3 desta normativa. Poderá ser por conta bancaria ou en efectivo despois da actuación.

IV. Desenvolvemento

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 4.1. Cada comparsa deberá cantar ou recitar no palco, que se instalará para tal fin na praza Real do Concello, un mínimo de dúas cancións. É obrigatorio que cando menos unha delas teña contido e temática de Pontedeume. Este número poderase variar pola organización por motivos de produción sendo necesaria que a actuación completa da comparsa teña unha duración entre 8 e 10 minutos.
- 4.2. Cada comparsa entregará á organización un folleto no que estarán impresas as letras das cancións ou coplas que van cantar ou recitar, que serán inéditas en canto á letra. Así mesmo entregarán entre o público copias das letras de forma gratuíta.
- 4.3. As comparsas terán que participar en todos aqueles actos que a organización teña programados, e sexa necesaria a súa participación, para este Entroido 2026.
- 4.4. As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no vestiario coma na actuación.
- 4.5. Queda prohibido tirar á rúa elementos como confeti, papeis, cintas, etc.
- 4.6. A organización poderá descartar do concurso aquelas persoas participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban condutas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto, tanto cara ao público como cara á organización.
- 4.7. A Organización terá a potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir na interpretación desta normativa,
- 4.8. A inscrición nesta actividade implica a aceptación desta normativa.

V. Premio “Gorín”

- 5.1. O premio “Gorín” é o premio que se entrega á mellor comparsa participante, consistente nun agasallo.
- 5.2. Para o outorgamento do mesmo contarase cun xurado que terá en conta, entre outros, os seguintes criterios:
- Deseño dos disfraces
 - Posta en escena
 - Creatividade
 - Baile
 - Interpretación
 - Musica en directo
- 5.3. O xurado estará composto por tres persoas colaboradoras co Departamento de Cultura
- 5.4. A decisión do xurado é inapelable.

Pontedeume, 20 de xaneiro de 2026



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)
